

Itinerario Lector

3^o e 4^o ESO

IES de Fene
Biblioteca



“O Segrel do Penedo”

<http://osegrel.blogspot.com>

Departamento de
Grego

VENI, VIDI, EN BICI



Blanco, Valentina

Alfaguara

Novela na que unha rapaza do noso tempo viaxa á antiga Roma nunha bicicleta especial, coa intención de aprender latín, pois suspendeuno. Ao longo do libro certamente o seu latín mellora.

Unha divertida novela que nos transporta no tempo, evidenciando que a xuventudes, en calquera época e lugar, ten as mesmas inquietudes.

UNA AGUJA ENVENENADA




Gándara, Lola

Alfaguara SA

Roma, ano 30 d.C. Tiberio é Emperador. O senador Attio foi asasinado na súa vila e as sospeitas recaen no seu fillo adoptivo de dezasete anos. Mesala, axudado por Herodes, Calígula, Claudio e parte da familia imperial comeza as pescudas para demostrar a súa inocencia e dar co verdadeiro asasino.

Conspiracións, alta política, crimes, misterio, amor... e absoluto rigor histórico. Unha agulla envelenada atraparará ao lector ademais de darlle a coñecer mellor a vida da Roma de comezos do Imperio.

UN SALMANTINO EN ROMA



Lillo Redonet, Fernando

Ediciones Clásicas

O relato da viaxe do salmantino Marco Fabio á Roma de Domiciano presenta os hábitos e costumes da capital imperial, as súas creacións artísticas e literarias, os seus edificios, as súas xentes... Un relato que constitúe un documento especialmente axeitado para iniciarse no coñecemento da civilización romana, comezando polo que foi o seu corazón: Roma.

PLATÓN Y YO



Goñi, Carlos

Ediciones Internacionales Universitarias

Adrián, un rapaz de 15 anos, comeza a recibir mensaxes electrónicas de Platón. O que ao principio lle parece unha broma do seu pai – un amante da cultura clásica- vaise convertendo pouco a pouco nunha apaixonante aventura.

Fronte ás mensaxes do misterioso remitente, a filosofía platónica e os mitos gregos vanse entrelazando na súa vida de tal xeito que todo fai referencia a Platón. A partir de agora, a súa busca convértese para Adrián nunha tarefa existencial.

PERCY JACKSON Y LOS DIOS DEL OLIMPO. EL LADRÓN DEL RAYO



Riordan, Rick

Salamandra Edicións

¿Que pasaría se un día descubrires que, en realidade, es un fillo dun deus grego que ten que cumprir unha misión secreta? Pois iso é o que lle acontece a Percy Jackson, que a partir dese momento dispónse a vivir os acontecementos máis emocionantes da súa vida.

O ladrón do raio da comezo a unha apaixonante serie de aventuras sobre un mundo secreto. O mundo que os antigos deuses gregos teñen creado ao noso redor en pleno século XXI.

LOS TRES DÍAS DEL GLADIADOR




Vidal, César

Edicións S.M.

Yohanan e Yakov son detidos en Xerusalén durante o asedio romano. Sálvanse de ser crucificados, pero rematan converténdose en escravos e loitarán como gladiadores en Hispania. Para Yohanan, namorado da xove escrava Susana, saír da area e enfrontarse ao outro gladiador convértese no medio de acadar a liberdade; pero por outra banda, e sen sabelo el, tamén é o instrumento dun político romano que quere gañarse o favor dun pobo ávido de xogos.

LOS PIRATAS DE POMPEYA




Lawrence, Caroline

Salamandra Publicaciones

A erupción do Vesubio ten deixado un panorama desolador. A cinza cubre a terra, o mar tínxese de vermello e as ondas arrojan ás praias os corpos das vítimas. E cando algúns nenos comezan a desaparecer dun campamento que acolle a centos de refuxiados, Flavia Gémina e os seus amigos Jonatán, Nubia e Lupo entran en acción. As súas pescudas conducirannos ata El Patrón, un carismático e poderoso persoeiro, e tras seguir unha perigosa pista, a cuadrilla chegará ás covas de Sorrento, onde terán que verse con piratas e traficantes de escravos e saberán por primeira vez o que é estar en perigo de morte.

LADRONES EN EL FORO (MISTERIOS ROMANOS I)



Lawrence, Caroline

Salamandra Edicións

Ano 79 d.C. Flavia Gémina, filla dun mariñeiro romano, está a piques de vivir unha emocionante aventura. Ao investigar o paradiro dun Anel que leva o selo do seu pai, Flavia coñece a Jonatán, un neno xudeu, a Nubia, unha nena escrava africana, e a Lupo, o pequeno mendigo mudo. A partir de entón, os catro novos amigos comezarán as pescudas para resolver a misteriosa morte duns cans, recorrendo xuntos o foro, a necrópole romana e o porto de Ostia, e o que é mellor, converteranse en moi bos amigos.

LOS SECRETOS DEL VESUBIO (Misterios Romanos II)



Lawrence, Caroline

Salamandra Edicións

Flavia Gémina navega rumbo á baía de Nápoles acompañada dos seus amigos Jonatán, Nubia e Lupo. Van pasar o verán cun tío seu que vive preto de Pompeya, pero, non ben teñen chegado, os tremores sacoden a terra, os animais compórtanse de xeito estraño e a xente soña cun desastre inminente. É o Vesubio, que entra en erupción e pon aos catro nenos nun terrible perigo. A pesar de todo, a inquieta cuadrilla verase axiña implicada na resolución dun enigma que pode levarlles ata un gran tesouro.

ASESINOS EN ROMA (Misterios Romanos IV)




Lawrence, Caroline

Edicións Salamandra

Nesta cuarta parte da serie Misterios Romanos, Flavia Gémina, Nubia e Lupo celebran na cidade romana de Ostia o cumpreanos do seu amigo Jonatán. De repente, xorde un estraño visitante que desexa ver ao pai de Jonatán, e ao día seguinte, o visitante desaparece e con el, o rapaz. Os seus amigos descubren que marchou en misión secreta a Roma e están dispostos a encontralo. Emprenden entón unha perigosa aventura que os leva ata o palacio do emperador Tito, onde se prepara unha terrible vinganza que terá consecuencias sorprendentes para a familia de Jonatán.

LOS DELFINES DE LAURENTUM (Misterios Romanos V)




Laurence, Caroline

Ediciones Salamandra

Flavia e os seus amigos Únubia, Jonatán e Lupoú atópanse con Marco Gémino, o pai de Flavia, que moi enfermo e con aspecto de mendigo cóntalles que ten naufragado con todo un cargamento de especias. Por se isto fora pouco, os banqueiros Rufo e Déxter ameazan con quitarlle a súa casa se non lles devolve un préstamo. Así que, mentres o tío de Flavia intenta solucionar os problemas financeiros da familia, o xove sobriño do almirante Plinio acolle aos catro amigos na súa vila de Laurentum, onde descubrirán a existencia dun barco afundido cargado de ouro, o mito de Delphinus e un terrible segredo na vida de Lupo que pode conducirlos á catástrofe.

LOS ENEMIGOS DE JÚPITER (Misterios Romanos VII)




Lawrence, Caroline

Salamandra Editorial

Un frío mediodía de febreiro, un mensaxeiro chega a Ostia cunha orde do emperador Tito. Nela requírese ao doutor Mardoqueo a que se presente inmediatamente en Roma, onde a peste está a facer estragos dende a erupción do Vesubio seis meses atrás. Ademais, como o emperador sospeita que alguén intenta destruír a cidade, ordena que Jonatán, Falvia, Nubia e Lupo acompañen ao doutor para investigar quen é ese misterioso inimigo. Así pois, malia que a epidemia converteu Roma nun lugar moi perigoso, os catro amigos recorrerana dende o pazo imperial ata a illa do Tiber. E será Jonatán quen, mediante un terrible achado, descubrirá que a peste non é o maior perigo ao que se enfrontarán.

EL FUJITIVO DE CORINTO (Misterios Romanos X)




Lawrence, Caroline

Salamandra Editorial

No porto grego de Corinto, o xove e atractivo preceptor de Flavia, Aristo, é acusado de cometer un terrible delito contra o pai da súa pupila. Cando Aristo foxe sen dar explicacións, Flavia e os seus tres amigos deciden saír na súa persecución. As estrañas pistas que van encontrando ao longo do camiño lévanos ata o oráculo de Delfos e a Acrópole ateniense. Sen embargo, no curso das arriscadas investigacións, de pronto descubren que un misterioso personaxe vai tamén tras as pegadas de Aristo, e que non lle guían precisamente, as mellores intencións.

LAS SIRENAS DE SORRENTO (Misterios Romanos XI)




Lawrence, Caroline

Salamandra Editorial

Un ano despois da devastadora erupción do volcán Vesubio, Flavia, Jonatán, Nubia e Lupo están de vacacións na fastosa Vila Limona, coa marabillosa baía de Nápoles aos seus pés. Sen embargo, entre tanto luxo e diversión, hai algo que ameaza a vida dos veraneantes. Poucos anos antes e moi preto de alí, o emperador Nerón tentou cometer un crime abominable, e agora entre os invitados á vila atópase un envelenador disposto a converter a ledicia en traxedia. Inmersos no ambiente festivo que reina no lugar, os catro amigos non se atopan co mellor ánimo para desenmascarar ao culpable, pero aínda así, terán que intentalo se non queren que a desgraza caia inexorable sobre Vila Limona.

EL AURIGA DE DELFOS




Lawrence, Caroline

Salamandra Editorial

Roma encóntrase en plena efervescencia debido ás emocionantes carreiras de cuadrigas que se disputan no Circo Máximo. Cando Flavia e os seus tres amigos chegan á capital para presenciar o gran evento, un valiosísimo cabalo desaparece misteriosamente. Entón, acompañados polo seu novo amigo Escopas, o auriga de Delfos, os xoves investigadores emprenden a súa busca, que os leva a infiltrarse nas turbias faccións que rivalizan a morte na carreiras. Quen roubou o insubstituíble exemplar e por que? De momento, Flavia, Nubia, Jonatán e Lupo só saben unha cousa: que na axitada Roma das carreiras de carros moi poucas son o que

LA LEYENDA DE ENEAS — ADAPTACIÓN DA ENEIDA DE VIRGILIO



Adaptación de Vicente Cristobal

Alianza Editorial

Versión libre da “Eneida” de Virgilio. En forma de relato en prosa e valéndose dun vocabulario de dominio común, o volume pon de forma sinxela e rigorosa ao alcance de calquera lector as aventuras do heroe que fuxe da cidade de Troia en chamuscas e que, tras múltiples peripecias polo Mediterráneo e na península Itálica, funda os cimentos da que, andando o tempo, tería sido a poderosa Roma

EL PRÍNCIPE DE TARSIS



Sánchez Escalonilla, Antonio

Editorial Editex

Héctor é un tranquilo estudante de terceiro de ESO fascinado pola Historia Antiga e as lendas mitolóxicas. Unha inesperada visita ao Museo Arqueolóxico depáranlle, sen embargo, unha sucesión de fantásticas aventuras a través do espazo e do tempo. A bordo dunha nave grega, traspasará as Columnas de Hércules, atoparase co mítico reino de Tartessos e revivirá moitas historias do mundo clásico, que seguen sendo eternamente actuais. Pero non se trata dunha viaxe turística. Como un novo heroe mitolóxico, Hector ten que superar unha serie de complicadas e dramáticas probas para conseguir a felicidade dos seus mellores amigos. O esforzo merece a pena, e tamén a recompensa.

EL SELLO DE EOLO



Alfonseca, Manuel

Editorial Edebé

En plena guerra do Imperio Romano contra os partos, o xove Flavio obtén un posto nas lexións como portaestandarte. O seu pai desexa afastarse así do cristianismo, relixión incipiente á que se ten convertido. Deste xeito o rapaz terá que facer fronte a non poucos perigos, traballará como espía do Imperio e, tamén, coñecerá o verdadeiro amor.

ANA Y LA SIBILA



Sánchez Escalonilla, Antonio

Ilustrador: García i Quera, Oriol

Colección Bambú

Ana e Mario teñen 14 anos, non se soportan e se atopan en Roma en viaxe de estudos. Mentres contempla o teito da Capela Sixtina, Ana recibe unha chamada de socorro da Sibila de Cumas, unha misteriosa adiviña dos tempos antigos condenada a envellecer durante mil anos. Esa mesma noite, a rapaza foxe do hotel e internase entre as rúas da cidade para emprender un rescate a través do tempo, nada menos que ata a Roma imperial. Pero Mario sospeita algo e, no último momento, decide non abandonala na súa perigosa aventura. Ana e a Sibila é unha historia trepidante e sensible á vez, onde a auténtica amizade se une á curiosidade polos misterios do pasado.

HISTORIAS DE FANTASMAS Y MISTERIOS DE LA ANTIGÜEDAD

Historias de fantasmas
y misterio de la Antigüedad



Teresa Gail (et al)


Editorial Tilde

Antoloxía de textos que recolle un aspecto sorprendente e non suficientemente recoñecido de aquela época: o seu gusto polo que de misterioso, terrorífico e máxico hai no mundo.

Unha selección dos máis variados autores: Platón, Horacio, Propercio, Lucano, Petronio, Plinio, Apuleyo, Flegón, Luciano, Filóstrato, desfilan polas páxinas abarcando case que todo o arco temporal da Literatura Clásica desvelando crenzas e fenómenos (pantasma, casas encantadas, ritos máxicos, bruxas e feiticeiras...) que non por antigos teñen perdida a actualidade. Ademais dunha interesante introdución tamén inclúe unha serie de variadas actividades (históricas, literarias, da vida cotiá...) que permiten afondar no coñecemento non só de ditos temas, senón tamén da mitoloxía, a relixión e outros elementos culturais que, herdados ou non por nós, caracterizaron ao mundo antigo.

LA ODISEA

EDICIÓN ESPECIAL 25 ANIVERSARIO. CÓMIC



Pérez Navarro

Norma Editorial

Esta adaptación del poema épico de Homero, levado ás viñetas por Pérez Navarro e Martín Saurí, recupera unha das obras clásicas do cómic español.

Despois de dez anos de guerra ante as portas de Troia, Odiseo pon rumbo a Ítaca para volver á súa patria e a os brazos da súa amada esposa Penélope. Sen embargo, a aventura apenas acaba de comezar, pois deuses, monstros e fermosas feiticeiras van converter a viaxe de regreso do heroe grego nunha auténtica xesta loada e admirada polos homes ao longo dos séculos...

CUENTOS DEL TEATRO GRIEGO.

LAS LEYENDAS DE AGAMENÓN Y EDIPO SEGÚN LA TRAGEDIA




Esteban, Alicia y Aguirre, Mercedes

Ediciones de La Torre

Ás chamadas dos deuses acoden os espectros de tres grandes dramaturgos: Esquilo, Sófocles e Eurípides. Nas ruínas dun teatro grego narrarán a historia de dúas familias lendarias, a de Agamenón e a de Edipo, ambas perseguidas por unha maldición e obrigadas a cumprir o seu tráxico destino.

EL PESCADOR DE ESPONJAS



Fernández Gabaldón, Susana

Magisterio Casals

Fai xa máis de 3.500 anos floreceu no mar Exeo unha das culturas máis brillantes de toda a Antigüidade: a civilización minoica. A illa de Creta foi o seu berce e, segundo os relatos de famosos historiadores gregos, o mítico rei Minos gobernou o período máis fascinante da súa historia, dende o seu espléndido pazo de Cnossos. Sen embargo, o mundo cretense cambiou súbita e inesperadamente o rumbo da súa historia xusto no seu período de maior apoxeo, sendo ata agora numerosos os investigadores que teñen intentado reconstruír o seu pasado e botar luz ás súas páxinas ocultas polo tempo e os acontecementos sufridos.

EL APRENDIZ DE BRUJO Y OTROS CUENTOS DE GRECIA Y ROMA



Lillo Redonet, Fernando

Editorial Medial

Ademais de estupendas historias mitolóxicas, os antigos gregos e romanos bríndannos moitas outras extraordinarias narracións. Neste libro recóllense unha serie de estremecedores contos de medo, belísimas historias de amor ou increíbles testemuñas de amizades que nos descubrirán un mundo repleto de imaxinación, sensibilidade e ideais do que aínda hoxe temos moito que aprender.

